

**ACTA NÚM. 1 DA MESA DE contratación DA OBRA "REPARACION NOS DEPÓSITOS DE AUGA DE ESTEIRO"**

Data: 20 de agosto de 2024

Hora de comezo: 10,15 horas

Hora de remate: 10:30 horas

Lugar: Casa do Concello de Muros

**Persoas asistentes:**

Mario Martinez Lago (concelleiro de Servizos Sociais do Concello de Muros)

Jose Manuel Mayo Priegue (secretario accidental do Concello de Muros)

Francisco Abeijón Núñez, (interventor accidental do Concello de Muros)

Noelia Louro Louro (funcionaria do Concello de Muros) que actúa como secretario do acto:

**Orde do día**

Apertura do sobre UNICO

**Acordos**

**Primeiro.-** Os membros da Mesa de Contratación declaran expresamente baixo a súa responsabilidade que:

- a) Non se encontran en ningunha situación de conflito de intereses con respecto ao contrato de obra "REPARACION NOS DEPOSITOS DE AUGA DE ESTEIRO"
- b) Do mesmo xeito, porán en coñecemento do Servizo de Contratación do Concello de Muros, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses que xurda, ou que poda dar lugar a dito conflito.
- c) Que non fixeron nin farán ningún tipo de oferta da que poida derivarse algunha vantaxe con respecto ao contrato.
- d) Que non concederon nin concederán, non intentaron nin intentarían obter, e non aceptaron nin aceptarían ningún tipo de vantaxe, financeira ou en especie, a favor dunha persoa ou en nome desta, cando tal vantaxe constituía unha práctica ilegal ou implique corrupción, directa ou indirectamente, por ser un incentivo ou unha recompensa relacionada coa execución do presente contrato ou da operación solicitada.

- e) Que non realizaron, nin realizarán, ningún tipo de xestión da que poida derivarse algunha vantaxe competitiva de cara á selección e/ou priorización da operación cuxo financiamento se solicita, respecto a outras que puideran ser ou foran xa presentadas.
- f) Que non se encontran en causa algunha de abstención, a teor do disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- g) Que non incorren en causa de incompatibilidade, segundo a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- h) Que non levarán a cabo actuacións que conculquen os artigos 25 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo Goberno, en relación ao artigo 8.1 do mesmo corpo legal e o artigo 75 da LBRL.

**Segundo.-** Procédese a apertura da documentación do sobre único, das ofertas presentadas en prazo, resultando que ningún licitador se presentou ao proceso de licitación, polo que a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros, propón ao órgano de contratación declarar deserta a licitación da obra "Reparación nos depósitos de Auga de Esteiro", ao non presentarse ningunha oferta.

Documento asinado dixitalmente polos membros da mesa

